



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 9 DE MAIO DE 2019,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Proxecto de Lei do patrimonio natural de Galicia.

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción do fomento da mobilidade sustentable. Senda na LU-621. Treito: A Pobra de San Xiao- Urbanización de Valdriz, de clave: LU/16/251.06, no concello de Láncara.

**CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Decreto polo que se declaran ben de interese cultural as técnicas construtivas da carpintaría de ribeira.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual derivado da Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento e se procede a súa convocatoria para o ano 2019 por un importe de noventa e oito mil catrocentos oitenta e cinco euros con cincuenta e dous céntimos (98.485,52 €).

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica das Comarcas do Barbanza e Noia AMICOS, para posibilitar o desprazamento de alumnado



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

discapacitado ao Centro de Educación Especial AMICOS, polo importe máximo de cento nove mil novecentos oitenta e un euros (109.981 €).

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación do servizo da xestión do comedor escolar en 133 centros educativos, por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada e tramitación ordinaria mediante 23 lotes, para os cursos escolares 2019/20 e 2020/21, coa reserva do lote 16 a centros especiais de emprego, polo importe de dezaioito millóns catrocentos doce mil novecentos cincuenta e nove euros con trinta céntimos (18.412.959,30 €) e un valor estimado de corenta e un millóns sesenta e nove mil setecentos noventa e sete euros con vinte e cinco céntimos (41.069.797,25 €).

**CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto derivado da contratación, suxeita a regulación harmonizada, da concesión do servizo para a xestión e explotación integral da Pousada de Portomarín, tramitado por procedemento restrinxido, cun valor estimado de trece millóns setecentos vinte e catro mil seiscentos seis euros (13.724.606 €).

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza o Acordo de prórroga entre o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e a Comunidade Autónoma de Galicia para fixar as condicións da adquisición de vacinas de calendario e outras.

**MOCIÓNS E PROPOSTAS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Declaración institucional da Xunta de Galicia con motivo da celebración do Día de Europa.

**INFORMES**

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre o proxecto de Decreto polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2020.
- Informe sobre a iniciativa Comercio 360.

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONALL**



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

- Informe sobre o Plan de dinamización da FP dual en Galicia 2018-2020.
- Informe sobre prezos públicos correspondentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial para o curso 2019/20.

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre a campaña de vacinación antigripal 2018/19.

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre a Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento da utilización de maquinaria agrícola en réxime asociativo en Galicia e a súa convocatoria para 2019.



## A NOVA LEI DE PATRIMONIO NATURAL DE GALICIA INICIA A SÚA TRAMITACIÓN PARLAMENTARIA PARA GARANTIR A CONSERVACIÓN E A RESTAURACIÓN DA BIODIVERSIDADE E POTENCIAR O SEU USO SUSTENTABLE

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o texto da nova lei, que ten como principio inspirador a mellora do coñecemento científico e o deber das administracións e da cidadanía de respectar e conservar o patrimonio natural e a biodiversidade, así como de adoptar as medidas de prevención necesarias***
- ***Unha das novidades é que os instrumentos de planificación para os espazos que se aproben ao abeiro da nova lei, terán unha vixencia indefinida, agás os plans reitores de uso e xestión que terán unha vixencia mínima de 10 anos, mentres que para a planificación das especies se manteñen os plans de recuperación e de conservación***
- ***Outro cambio con respecto á normativa actual é a creación de microreservas, para aquelas superficies de menos de 20 hectáreas co fin de protexer e conservar especies ou hábitats ameazados por un tempo determinado e prevé que o ámbito dun espazo natural de interese local (ENIL) poida abarcar máis dun termo municipal***
- ***A nova lei regulará a conservación “ex situ”, a recuperación ou cría fóra do hábitat con programas de cría ou propagación en centros de recuperación e recollerá un réxime de protección xeral para a fauna***
- ***Para dar unha maior protección a aquelas especies afectadas por unha especial ameaza, ou risco, créase a lista de especies silvestres en réxime de protección especial, na cal se integrará o Catálogo galego de especies ameazadas***
- ***Tamén se creará o Inventario galego do patrimonio natural e da biodiversidade, en que se recollerán todos os elementos integrantes do patrimonio natural de Galicia, e o Catálogo de hábitats en perigo de desaparición en Galicia***
- ***A Lei de patrimonio natural simplifica a tipificación de infraccións, reduce nun 20% o importe da sanción cando o infractor recoñeza a súa responsabilidade e aumenta as sancións pola destrución dos valores dun espazo natural protexido***

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá deu o visto e prace ao texto da nova Lei de patrimonio natural que ten por finalidade principal garantir a restauración e conservación da biodiversidade, ao tempo que se potencia o uso sustentable. Tras os procesos de participación e información pública, o novo texto inicia agora a súa tramitación parlamentaria e porá fin á normativa actual, que leva en vigor case 20 anos.

Outros dos obxectivos da nova normativa son o fomento da información ao público e dos mecanismos de colaboración, cooperación e participación da sociedade para acadar e garantir o patrimonio natural, así como adaptar a regulación do patrimonio natural da comunidade autónoma ás previsións recollidas na lexislación básica do Estado (Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade).

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

A Xunta móstrase convencida de que para mellorar a xestión dos organismo que conforman a biodiversidade e avanzar cara á súa conservación e protección é necesario mellorar a conciencia sobre este, por iso o principio inspirador desta norma é coñecemento científico, que se impulsará en colaboración e coordinación do tecido universitario de Galicia e as institucións, públicas e privadas. Tamén recoñece o deber das administracións e da sociedade en xeral de respectar e conservar o patrimonio natural e a biodiversidade, así como adoptar as medidas de prevención e xestión necesarias.

Unha das novidades que recolle a Lei é que os instrumentos de planificación para os espazos terán unha vixencia indefinida, agás os plan reitores de uso e xestión (PRUX), en que se concretará o seu prazo de vixencia e que será dun mínimo de 10 anos. Por outra banda, as normas que declaren espazos poderán delimitar áreas de influencia socioeconómica, co fin de compatibilizar a divulgación e o desenvolvemento de actividades tradicionais sustentable ligadas á dinamización do espazo, promovendo o uso de marcas que fagan referencia aos ditos espazos protexidos.

A futura lei prevé a declaración de microreservas, unha nova figura, que se enmarca dentro da categoría de Reserva Natural e que busca preservar e protexer aqueles espazos cunha superficie inferior a 20 hectáreas que conteñan hábitats raros ou de especies ameazadas. Así mesmo, tamén permitirá que o ámbito dun espazo natural de interese local (ENIL) comprenda varios concellos; e substitúese a categoría de zona especial protección dos valores naturais, que inclúe espazos como lugares de interese comunitario (LIC), zona de especial protección (ZEC) ou zona de especial protección de aves (ZEPA), pola de espazo protexido Rede Natura 2000, para dotalos dunha maior protección, tal e como establece a normativa estatal.

**Protección das especies**

Para a protección, conservación e mantemento do estado das distintas especies que habitan en Galicia a nova lei articula instrumentos e medidas, entre as que destacan a regulación da conservación “ex situ”, é dicir, a recuperación ou cría fóra do hábitat con programas de cría ou propagación en centros de recuperación e cos bancos de material biolóxico e xenético das especies. A lei mantén como instrumentos de planificación das especies os plans de conservación e de recuperación, no cal se establecerán as medidas máis axeitadas para restablecer as poboacións naturais a un estado que limite o risco de extinción.

Tamén se establece un réxime de protección xeral para a fauna, polo que se prohibirá dar morte, danar, molestar ou inquietar intencionadamente as especies silvestres, así como a súa retención ou captura en vivo, a destrución, dano e recolección dos seus niños, crías ou ovos.

Así mesmo, para dar unha maior protección a aquelas especies afectadas por unha especial ameaza, ou risco, créase a lista de especies silvestres en réxime de protección especial, dentro da cal se integrará o Catálogo galego de especies ameazadas, da que forman parte especies emblemáticas como pílara das dunas, o oso pardo, o lirio do Xurés ou a aguia real, e que recolle dúas categorías: en perigo de extinción ou vulnerables.

A lei tamén recolle a creación do Catálogo de hábitats en perigo de desaparición en Galicia - en concordancia co catálogo nacional-, así como un Inventario galego do patrimonio natural e da biodiversidade, en que se integrará a información relativa aos elementos e instrumentos relativos ao patrimonio natural e á biodiversidade presente na Comunidade galega, como o Catálogo de hábitats en perigo de desaparición, a lista de especies silvestres en réxime de protección especial, a relación de espazos naturais protexidos, o inventario de humidais de Galicia, o Catálogo de árbores senlleiras, entre outros.

### **Réxime sancionador**

A nova Lei de patrimonio natural tamén introduce cambios respecto do réxime sancionador, que se aborda no título IV da lei, entre os que destaca a eliminación da categoría de infracción menos grave; establecendo como tres categorías: leve, grave e menos grave. Os importes das sancións van desde os 100 ata os 2 millóns de euros.

Tamén se prevé un aumento na contía das sancións para aquelas infraccións en que se constate a destrución dos valores dun espazo natural protexido, como por exemplo no caso dos incendios nun parque natural, xa que o réxime sancionador dedica unha atención especial á reparación do dano causado e á reposición da situación alterada ao seu estado anterior, aspectos que materialmente poden ser tan importantes coma a tipificación da infracción.

Naqueles casos en que o infractor recoñeza a súa responsabilidade, o importe pode reducirse un 20% do importe da sanción proposta e, no caso de que o interesado restaure o medio natural, imporase a contía sancionadora inmediatamente inferior para o tipo de infracción.

O texto da nova Lei de patrimonio natural, que agora inicia a súa tramitación parlamentaria, contén un total de 136 artigos, con catro títulos, cinco disposicións adicionais, sete transitorias, unha derogatoria e catro disposicións derradeiras.



**O CONSELLO DA XUNTA APROBA AS EXPROPIACIÓNS PARA A EXECUCIÓN DUNHA SENDA NA ESTRADA LU-621, ENTRE LÁNCARA E A URBANIZACIÓN DE VALDRIZ, CUN INVESTIMENTO DE 750.000 EUROS**

- ***A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten prevista a licitación do contrato de obras nas vindeiras semanas***
- ***O obxectivo das obras é conectar as beirarrúas que xa existen na travesía da Pobra de San Xiao co acceso á urbanización Valdriz***
- ***Ampliarase a plataforma da estrada, mellorase o trazado da vía na entrada á ponte e reformarase a intersección no acceso á urbanización de Valdriz, executando unha glorieta para facilitar os xiros en condicións de seguridade***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se declara a utilidade pública e a urxente ocupación dos terreos necesarios para a execución dunha senda na estrada autonómica LU-621, no concello lucense de Láncara, entre o centro do municipio e a urbanización de Valdriz.

O Decreto de utilidade pública comprende a expropiación dos 4 predios necesarios para a construción deste itinerario peonil seguro e accesible. O Goberno galego investirá un orzamento duns 750.000 euros neste proxecto, incluídas as expropiacións.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten prevista a licitación do contrato de obras nas vindeiras semanas.

O proxecto ten por obxectivo a execución dunha senda para conectar as beirarrúas existentes na travesía de Pobra de San Xiao co acceso á urbanización Valdriz.


A senda terá en total 460 metros de lonxitude e executarase pola marxe esquerda da estrada. Os primeiros 400 metros construíranse en formigón coloreado cun ancho de 2 metros. Nos últimos metros atópase a ponte sobre o río Neira, que será ampliada mediante unha lousa de formigón.

Ademais ampliarase a plataforma da estrada, que pasará dos 5,5 metros actuais a 7 metros; mellorase o trazado da vía na entrada á ponte, coa ampliación do raio da curva, e reformarase a intersección que existe no acceso á urbanización de Valdriz, construíndo unha glorieta neste punto para facilitar os xiros en condicións de seguridade.

As obras complementarase coa construción das instalacións necesarias para garantir a drenaxe axeitada.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta





## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA DECLARAR BEN DE INTERESE CULTURAL AS TÉCNICAS CONSTRUTIVAS DA CARPINTERÍA DE RIBEIRA**

- ***Recoñécese así o seu valor cultural sobranceiro na conformación da identidade do pobo galego e establécense medidas para a súa salvagarda e valorización***
- ***Propiciarase, entre outras iniciativas, a creación dun órgano de xestión e dun censo de embarcacións tradicionais e de mestres carpinteiros***

O Consello da Xunta declarou as técnicas construtivas da carpintería de ribeira como ben de interese cultural (BIC) do patrimonio cultural inmaterial de Galicia. Trátase dunha decisión que o organismo do Goberno autonómico toma a raíz do informe realizado pola Consellería de Cultura e Turismo e que ten por finalidade preservar os sistemas tradicionais e recoñecer o valor sobranceiro na conformación da identidade do pobo galego desta técnica para construír embarcacións de madeira.

Na actualidade as embarcacións tradicionais son conservadas en portos galegos grazas ao esforzo dos seus propietarios e ás técnicas dos carpinteiros de ribeira que manteñen a súa actividade viva en Galicia. Trátase dun conxunto de saberes que é transmitido de forma tradicional, de xeración en xeración e de persoa a persoa. Ademais, o saber desta técnica construtiva é na actualidade a única ferramenta para manter vivas embarcacións que pertencen á historia pasada e presente da nosa Comunidade e que non poderían seguir en uso ou ter futuro sen eses coñecementos.

Así, co obxectivo de garantir a investigación, protección e promoción desta técnica ligada á historia e á cultura de Galicia, o decreto establece que se deberán tomar medidas específicas de salvagarda entre as que se inclúen a creación dun órgano de xestión ou a promoción dun censo de embarcacións tradicionais, barcos históricos de Galicia e mestres carpinteiros.

### **Recoñecemento e documentación**

O órgano de xestión estará composto por un máximo de nove membros que acrediten o seu coñecemento da materia, aínda que a súa composición poderá ser variada no futuro. Entre as súas funcións destacan, entre outras, propoñer o recoñecemento de mestres carpinteiros, embarcacións tradicionais e barcos históricos; transmitir coñecementos técnicos; colaborar na elaboración de censos; validar documentos técnicos; informar e valorar riscos; documentar outras manifestacións do patrimonio cultural inmaterial que estean relacionadas co patrimonio marítimo, ou recoñecer singularmente modelos de embarcacións como tradicionais galegas ou barcos históricos.

Para o coñecemento e difusión das embarcacións que teñan a consideración de embarcación tradicional galega e dos barcos históricos de Galicia, así como para promover outras medidas de fomento para a súa conservación e protección, a Consellería de Cultura e Turismo xestionará un censo de embarcacións tradicionais e barcos históricos de Galicia, de rexistro voluntario, no que as embarcacións serán anotadas, despois do informe do órgano

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

de xestión ou dos informes técnicos que correspondan, que avaliará a antigüidade, autoría ou correspondencia cos modelos tipolóxicos.

O devandito censo, entendido como unha sección do Censo do Patrimonio Cultural, conterá información sobre a súa denominación, a súa tipoloxía, os datos descritivos e dimensionais básicos e a localización do seu porto habitual, e completarase cando menos con dúas fotografías significativas da embarcación (unha en seco e outra navegando).

Ademais, a Xunta tamén promoverá a inclusión dos mestres carpinteiros de ribeira e das carpintarías no Censo do Patrimonio Cultural, con especial interese naquelas en que se siga a manter a actividade tradicional, así como aquelas en que, a pesar de ter sido abandonadas, existen elementos de interese para a salvagarda. Tamén poderán ser obxecto desta medida de salvagarda os espazos portuarios relacionados coas embarcacións tradicionais e as súas actividades.

**Protección do patrimonio**

Galicia conta cun rico patrimonio cultural constituído por bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio, deben ser estudados e considerados para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo. As políticas impulsadas desde o Goberno autonómico permitiron que nos últimos anos este patrimonio sobranceiro mantivera un bo nivel de salvagarda. Neste sentido, nos últimos meses téñense dado importantes avances na declaración de elementos singulares da nosa comunidade como ben de interese cultural, outorgándolles un grao de protección especial.

Así, co obxectivo de garantir a súa protección e difusión, o Consello da Xunta aprobou en marzo que o xacemento arqueolóxico de Cova Eirós fose declarado BIC. A esta declaración súmase a da Ribeira Sacra a finais do ano pasado como paso previo á aprobación da súa candidatura a patrimonio mundial da Unesco.

A carpintería de ribeira non é a única técnica construtiva que conseguiu ser declarada BIC. Tanto é así que en novembro de 2018 a pedra seca, unha técnica de construción tradicional que prescinde de calquera argamasa ou morteiro, foi incluída na lista representativa do patrimonio inmaterial da Unesco como parte dunha candidatura conxunta de oito países europeos liderada por Grecia e Chipre.

## **A XUNTA CONVOCA SEIS BOLSAS DE FORMACIÓN DE EXPERTOS EN COOPERACIÓN INTERNACIONAL PARA O DESENVOLVEMENTO**

- ***A convocatoria está destinada a apoiar a formación e capacitación especializada dos actores e axentes galegos de cooperación***
- ***O importe total da convocatoria ascende a 98.485,52 €, que se destinarán ao pagamento das persoas bolseiras e das cotas da Seguridade Social***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace acordo para a concesión de seis bolsas de formación para expertos en cooperación internacional para o desenvolvemento, convocadas pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea. As actividades de formación desenvolveranse ao longo dos anos 2019 e 2020 cunha duración máxima de doce meses, entre o 1 de setembro de 2019 e o 31 de agosto de 2020, logo da aceptación por parte das persoas solicitantes que resulten seleccionadas.

A convocatoria está dotada con 98.485,52 euros que servirán para financiar as actividades de formación destes seis bolseiros. O seu obxectivo é apoiar a formación de persoas expertas en cooperación internacional, cumprindo co establecido nos plans directores da cooperación galega, en especial no que se refire ao apoio á formación e á capacitación especializada de actores e axentes de cooperación.

O importe das bolsas será de 1.200,00€ brutos mensuais mais os gastos de viaxe, no caso de que os destinos sexan no exterior e 1.000,00€ brutos mensuais, no caso de que os destinos sexan en Galicia. Entre os requisitos están o de ter veciñanza administrativa en Galicia, estar en posesión dun título universitario ou non ter gozado anteriormente doutra bolsa de formación no eido da cooperación para o desenvolvemento da Xunta de Galicia, entre outros.

A valoración dos candidatos e candidatas efectuarase consonte o seguinte baremo: estudos de posgrao relacionados coas materias obxecto das bolsas de formación, coñecemento de idiomas, cursos de galego, cursos de formación e participación en proxectos de cooperación ou actividades de voluntariado. Os solicitantes que superen a puntuación mínima que estableza a comisión pasarán á seguinte fase, que é a de entrevista onde se valorará o coñecemento da materia obxecto das bolsas e a capacidade de resposta, madurez, motivación e iniciativa dos aspirantes.

Como novidade establececese que a presentación das solicitudes só pode ser de xeito electrónico.

## **EDUCACIÓN ELEVA A PRETO DE 1 MILLÓN DE EUROS O INVESTIMENTO NO TRANSPORTE ESCOLAR ADAPTADO A ALUMNOS CON DISCAPACIDADES**

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dunha addenda ao convenio con AMICOS para este fin***

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional vai renovar a súa colaboración coa Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica das Comarcas do Barbanza e Noia AMICOS, para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado ao Centro de Educación Especial AMICOS, polo importe máximo de cento nove mil novecentos oitenta e un euros (109.981,00 €). O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura desta addenda, coa que o investimento do departamento educativo do Goberno galego no transporte escolar adaptado o vindeiro curso 2019/20 se eleva a preto de 1 millón de euros.

O total dos 12 convenios que se van asinar suporá facilitar o servizo a 308 alumnas e alumnos, co apoio de 62 auxiliares. Ao abeiro dos convenios, as 12 asociacións comprométese a facilitar os desprazamentos cos vehículos adaptados que sexan necesarios, así como a prestar os pertinentes servizos especializados de acompañamento e atención ao alumnado trasladado. Pola súa banda, a consellería farase cargo do 80% do gasto derivado da prestación destes servizos.

Os escolares que reciben este apoio presentan distintos tipos de discapacidades, polas que precisan nos seus traslados ao centro educativo dunha atención específica e personalizada, de acordo coas súas necesidades físicas e psíquicas. Así, os convenios cobren os desprazamentos de ida e volta desde os domicilios dos rapaces aos seus centros escolares, así como a ou desde os centros en que reciban tratamento rehabilitador, cando este coincida co horario escolar. Ademais, o servizo obxecto do convenio estará adaptado ás necesidades horarias das alumnas e alumnos, moitas veces condicionadas polos tratamentos médicos que estes necesitan.

A colaboración acadada encádrase no compromiso do departamento educativo da Xunta de Galicia coa atención á diversidade do alumnado galego, garantindo o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require una atención específica e preferente. Neste sentido, cómpre tamén sinalar o carácter educativo que para este alumnado con distintos tipos de discapacidades ten, ademais do transporte escolar, o comedor escolar, en canto á aprendizaxe de habilidades que redunden nunha maior autonomía persoal e, polo tanto, nunha maior inclusión.

**EDUCACIÓN VALORARÁ O COMPROMISO VOLUNTARIO DAS EMPRESAS DE UTILIZAR PARA A ELABORACIÓN DOS MENÚS PRODUTOS ALIMENTICIOS FRESCOS, DE TEMPADA OU A GRANEL, SUBMINISTRADOS POR ESTABLECEMENTOS SITUADOS A MENOS DE 100 KM DOS CENTROS EDUCATIVOS**

- *Así o establece o novo prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación de 133 comedores escolares para o vindeiro curso por un importe de 18,4 millóns de euros, e que hoxe autorizou o Consello da Xunta*
- *Os adxudicatarios deberán realizar unha ficha técnica para cada un dos pratos onde se especifique a totalidade dos ingredientes empregados, a gramaxe correspondente e a rastrexabilidade; así como a identificación dos provedores das materias primas que se utilizan nos menús*
- *Poderán elixir, para a temporada outono-inverno e para a temporada primavera-verán, 10, 15 ou 20 menús fixos, que serán servidos sucesivamente, segundo a orde prevista na relación elixida, de xeito que ningún deles se repita ata non ter servido os restantes*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación da xestión de 133 comedores escolares (agrupados en 23 lotes) xestionados pola Consellería de Educación para o vindeiro curso 2019/20, por un importe de 18,4 millóns de euros.

Neste novo prego de contratación, o compromiso do licitador de utilizar para a elaboración dos menús produtos alimenticios frescos, de tempada ou a granel, subministrados por establecementos situados a menos de 100 quilómetros dos centros educativos valorarase con 5 puntos, ao igual que o compromiso voluntario de utilizar na elaboración dos menús produtos lácteos producidos a menos de 100 quilómetros dos centros sinalados para cada lote como referentes (outros 5 puntos).

As empresas adxudicatarias deberán realizar, ademais, unha ficha técnica para cada un dos pratos onde se especifique, entre outros, a totalidade dos ingredientes, a gramaxe correspondente e a súa rastrexabilidade; así como a identificación dos provedores das materias primas que se utilizan nos menús.

Cada semana o adxudicatario deberá proporcionarlles ás familias a programación de menús que se servirán a semana seguinte, ben en formato papel ou electrónico, e dunha maneira clara e detallada.

Estas condicións serán aplicables para a licitación da xestión dos mencionados 133 comedores escolares repartidos nas catro provincias, que supón unha cantidade aproximada de 11 millóns de menús, por un importe de 18,4 millóns de euros.

**Incremento do prezo por menú para a licitación**



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

Así mesmo, nesta nova contratación auméntase o importe do prezo de licitación para a elaboración do menú con respecto ao establecido ata o de agora, que será de 5,25 €/menú sen IVE nos lotes do rural (o actual era de 5 euros), e de 4,50 €/menú sen IVE (fronte aos 4 euros actuais). Isto non repercutirá nos prezos públicos por menú que paguen as familias.

Cómpre lembrar que a Consellería establece dous tipos de lotes: os do rural, formados por centros máis pequenos e diseminados, en particular nas zonas de interior de Galicia; e os urbanos integrados por centros máis grandes e concentrados en zonas urbanas de vilas e cidades.

**Equilibrio nutricional**

Co fin de acadar un mellor equilibrio nutricional establécense relacións de menús fixas que deberán obrigatoriamente servir as empresas licitadoras adxudicatarias, e que están elaborados e avaliados nutricionalmente pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, no marco da *Guía de axuda para programar os menús escolares*, elaborada pola Xunta de acordo coa normativa de seguridade alimentaria e os estándares nutricionais nacionais e internacionais.

Cada licitador poderá elixir, para a temporada outono-inverno e para a temporada primavera-verán, 10, 15 ou 20 menús fixos, que serán servidos sucesivamente, segundo a orde prevista na relación elixida, de xeito que ningún deles se repita ata non ter servido os restantes.

Ademais, todos os menús deberán incluír un boliño ou porción individual de pan, e auga mineral embotellada (sen límite), aínda que as empresas poderán instalar equipos de filtración debidamente autorizados segundo os criterios sanitarios establecidos, que subministren auga sen límite.

Os ditos menús cumpren coa seguinte frecuencia semanal na súa composición alimenticia:

<b>Compoñente</b>	<b>Frecuencia mínima</b>
Verduras e hortalizas	Tres veces/semana
Arroz ou pasta	Dúas veces/semana
Legumes	Unha vez/semana
Peixe fresco/conxelado	Dúas veces/semana
Carne	Dúas veces/semana
Froita	Catro veces/semana
Sobremesas lácteas	Unha vez/semana

**Melloras que complementan as de anos anteriores**

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

Ademais das novas condicións introducidas, nesta nova licitación mantéñense os criterios de mellora que a Consellería foi introducindo en anteriores licitacións co fin de acadar unha mellor calidade do servizo de comedor escolar.

Así mesmo, mantense a exigencia de que a Consellería lle reteña ás empresas o 1% do orzamento de adxudicación, unha contía que se destinará directamente a realizar auditorías periódicas (a través de empresas especializadas en auditoría de calidade hixiénico-sanitaria e nutricional) co fin de comprobar o cumprimento dos pregos que rexen o contrato e garantir que os ingredientes utilizados na elaboración dos pratos, o tamaño das racións e a preparación e presentación cumpran cos estándares nutricionais previstos na devandita guía.

Ademais continúaase reservando un dos lotes para centros especiais de emprego, é dicir, aqueles que dan traballo a persoas con discapacidade, para unha maior integración.

## **A XUNTA INICIA O EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN INTEGRAL DA POUSADA DE PORTOMARÍN**

- ***Este establecemento, situado no Camiño de Santiago será obxecto de reforma e mellora para garantir o bo funcionamento do mesmo coa vista no Xacobeo 2021***

O Consello da Xunta acordou autorizar a contratación da concesión do servizo para a xestión e explotación integral da Pousada de Portomarín, centro de titularidade pública adscrita á Consellería de Cultura e Turismo. Trátase dun establecemento cunhas características singulares que beneficia a peregrinos e turistas do Camiño de Santiago.

O adxudicatario estará obrigado a realizar todas aquelas tarefas derivadas do bo funcionamento da Pousada, o que inclúe a execución do proxecto básico de reforma, a dotación do complexo dos equipamentos e mobles necesarios e a xestión técnica e económica do inmovible. Ademais, sufragará os gastos de persoal (que contempla a contratación dun mínimo de 11 profesionais), de subministración e aqueles derivados do mantemento preventivo e correctivo.

O valor estimado do contrato é de 13,7 millóns de euros e o prazo de execución do mesmo será de 20 anos. O proxecto básico de reforma da Pousada establece a necesidade de levar a cabo obras por un valor de preto de 500.000 euros. Así mesmo, cómpre destacar que o canon mínimo anual a abonar polo concesionario á Xunta de Galicia será de 12.000 euros.

### **Instalacións**

A Pousada de Portomarín está situada nunha finca no centro urbán e conta cunha superficie de 6221 metros cadrados e un total construído de 4245 metros cadrados repartidos en aparcamento e piscina exterior, semisoto e tres plantas. Delas, a baixa conta con recepción e comedor, o primeiro andar alberga 20 habitacións e unha *suite* e a terceira planta outras 12 habitacións e unha *suite*.

Trátase dun establecemento tranquilo, acorde co entorno natural no que se atopa, polo que está destinado aos visitantes. Ademais, a Pousada de Portomarín atópase no traxecto do Camiño de Santiago, sendo o final da primeira etapa do tramo máis popular do Camiño Francés, por ser o tramo mínimo co que se outorga a *Compostela*.

## **SANIDADE DESTINA 5,1 MILLÓNS DE EUROS PARA A COMPRA DE VACINAS INCLUÍDAS NO ACORDO MARCO CO MINISTERIO DE SANIDADE**

- ***Permitirá a compra de dez tipos de vacinas do calendario de vacinación infantil para o ano 2020***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a prórroga do acordo marco para a compra de dez tipos de vacina empregadas no calendario de vacinación sistemática infantil ademais doutras vacinas que se utilizan en situacións específicas e grupos de risco para o ano 2020. O valor do contrato ascende a 5.168.604 euros cun total estimado de 221.380 doses.

Trátase da prórroga do acordo marco asinado en 2016 co Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade co obxectivo de mellorar as condicións para a súa adquisición.

O lote inclúe moitas das principais vacinas a utilizar no calendario infantil, como son a a vacina fronte difteria, tétano, e tose ferina acelular de contido antixénico reducido; vacina fronte hepatite B para idade pediátrica; vacina de hepatite B para pacientes en prediálise e diálise; a vacina fronte hepatite A para idade pediátrica; a triple vírica (fronte sarampelo, rubéola e parotidite); vacina fronte a varicela; vacina fronte a meningococo C; vacina fronte sarampelo, rubéola, parotidite e varicela; vacina conxugada fronte a meningococo de serogrupos A, C, Y e W, e vacina fronte encefalite xaponesa.

A Consellería de Sanidade decidiu seguir a adherirse ás propostas do acordo marco para a selección e adquisición de vacinas de calendario e outras que se facilitan en Galicia en circunstancias específicas, co obxectivo de contribuír así ao obxectivo de eficiencia do programa, estabilidade orzamentaria e control de gasto.

Nunha primeira fase do acordo, o Ministerio regula a fixación dos prezos máximos e establece as bases que rexerán os contratos derivados en cada comunidade autónoma e unha vez rematada esta primeira fase, procedese á execución do contrato en cada comunidade.

Esta compra asegura a continuidade e estabilidade do Programa galego de vacinacións, que fixo desaparecer practicamente moitas das enfermidades típicas da infancia como o sarampelo, a poliomielite, a difteria, así como manter en niveis moi baixos outras enfermidades como o tétano, a hepatite B e moitos tipos de meninxite, etc. Este programa constitúe un dos grandes avances da saúde pública no século pasado que estamos a impulsar e mellorar neste, coa introdución de novas vacinas.

## **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA CO MOTIVO DO DÍA DE EUROPA**

O 9 de maio de 1950 Robert Schuman, entón ministro de Relacións Exteriores de Francia, apuntalou as bases do proxecto europeo a través dunha histórica declaración, que sentou os cimentos do maior período de prosperidade e de convivencia pacífica na historia de Europa.

Aínda que só fose por iso, a Unión Europea paga a pena, e non deberíamos esquecerlo na conmemoración do Día de Europa. Máis aínda, se cabe, na xornada en que arrinca a campaña electoral duns comicios europeos transcendentais e marcados polas negociacións ao redor da saída do Reino Unido e polo auxe de movementos populistas e nacionalistas que poñen en dúbida moitos dos logros acadados ata agora e que se abren camiño nas institucións europeas atacando o propio proceso de integración.

No actual momento convulso, hai que recordar que toda crise ofrece oportunidades para os que as buscan, e saen fortalecidos dela. Por iso a Xunta de Galicia traballa para minimizar o impacto do brexit na sociedade e no tecido empresarial galego e para identificar as oportunidades que poidan xurdir durante este proceso, dando apoio e información práctica aos principais actores económicos e sociais galegos implicados.

E traballa tamén de cara ao novo marco financeiro plurianual 2021-2027, en que Galicia e os galegos nos xogamos tanto. Neste escenario, a participación activa dos galegos e galegas nas eleccións do 26 de maio resultará esencial para definir e reforzar a posición de Galicia dentro da Unión Europea posterior a 2020.

Hoxe máis que nunca toca reivindicar unha visión común para unha futura Unión forte e cohesionada. Ante as ameazas, a solución pasa por máis Europa e máis Unión. Lonxe de botarnos atrás, reforzamos a nosa posición e redobramos o noso compromiso co proceso de integración europeo.

E Galicia ten moito que dicir neste proceso. O Finis Terrae, unha rexión periférica que se abriu a España e a Europa, que medrou 12,5 puntos en PIB per cápita dende o ano 2000 grazas en parte ao bo uso dos fondos europeos, que é un exemplo de cooperación co norte de Portugal e que se gaba da Ruta Xacobeá, crisol de culturas e pobos que estaba xa presente nos albores da idea de Europa.

Apostamos por unha Europa unida, garante da dignidade humana, da liberdade e da igualdade. Unha Europa economicamente forte, cohesionada e solidaria, que faga fronte aos retos globais dende unha fronte común, que siga a ser unha potencia de primeira orde e na que todos nos sintamos cómodos.



**GALICIA TERÁ COMO FESTIVOS PROPIOS EN 2020 OS DÍAS DE SAN XOSÉ, SAN XOÁN E O 25 DE XULLO**

- ***A normativa estatal fixa 14 festivos: 12 marcados polo Estado e dous elixidos polos concellos e, cando un festivo nacional obrigatorio coincide en domingo, cada comunidade pode substituílo por outro día de interese***
- ***En 2020 prodúcese esta circunstancia o 1 de novembro e o 6 de decembro, que se substitúen polo 19 de marzo e o 24 de xuño***
- ***Entre os festivos nacionais que teñen carácter opcional, Galicia elixe sempre o 25 de xullo, por ser o Día Nacional de Galicia, ademais do día de Reis (6 de xaneiro) e o Xoves Santo, que o próximo ano cae o 9 de abril***

Galicia terá como festivos propios o próximo ano 2020 o día de San Xosé (19 de marzo) e o día de San Xoán (24 de xuño). Así se establece na proposta de calendario laboral de 2020 que coñeceu hoxe o Consello da Xunta, na que tamén se recolle como festivo o 25 de xullo, Día de Galicia.

A normativa estatal, fixada polo Real decreto 2001/1983, establece as 14 festas anuais de ámbito nacional non recuperables, remuneradas e de carácter obrigatorio. Destes 14 festivos, dous son elixidos por cada concello. Dos outros 12 restantes, nove son de carácter obrigatorio e non substituíbles a non ser que coincidan en domingo: 1 de xaneiro, Venres Santo (10 de abril en 2020), 1 de maio, 15 de agosto, 12 de outubro, 1 de novembro, 6 de decembro, 8 de decembro e 25 de decembro. No ano 2020 hai dous festivos nacionais que coinciden en domingo: o 1 de novembro, día de Todos os Santos, e o 6 de decembro, día da Constitución, que se substituirán en Galicia polo 19 de marzo, día de San Xosé (xoves), e o 24 de xuño, día de San Xoán (mércores).

Ademais, outros tres festivos de carácter nacional poden ser substituídos polas comunidades autónomas: o 6 de xaneiro, que nunca se cambia, agás que coincida en domingo; o Xoves Santo (que en 2020 se celebrará o 9 de abril), que Galicia non cambia tradicionalmente; e dáselle a opción ás comunidades entre o 19 de marzo e o 25 de xullo. Sempre se elixe o 25 de xullo, xa que é o Día Nacional de Galicia, tal e como quedou establecido polo Decreto 8/1978, do 10 de xullo.

Informado o Consello da Xunta, a proposta de calendario laboral para 2020 terá que ser aprobada polo Consello Galego de Relacións Laborais. Posteriormente, cada concello terá que determinar dous días festivos máis para a súa localidade.

**A XUNTA PON EN MARCHA A INICIATIVA COMERCIO 360 PARA MELLORAR A COMPETITIVIDADE DO SECTOR A TRAVÉS DA DIXITALIZACIÓN, A ECONOMÍA CIRCULAR E O PRODUTO LOCAL**

- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria pretende que o consumidor sexa o centro do proxecto dotando os establecementos de proximidade con menos de 10 traballadores das ferramentas necesarias para adaptarse e anticiparse ás novas demandas do cliente***
- ***Cunha visión a tres anos (2019-2021), a iniciativa conta con 5,7M€ de orzamento para este primeiro exercicio para impulsar medidas de sensibilización e dixitalización e para implantar laboratorios comerciais nas sete grandes cidades galegas nos cales se ofrecerá asesoramento personalizado***
- ***Unha das principais novidades é a posta en marcha dunha liña de axudas á ecoinnovación para favorecer a economía circular no comercio***
- ***Os principais obxectivos son que 10.000 comercios se sumen ao concepto 360, máis de 1.000 reciban servizos de asesoramento e 5.000 aposten pola sustentabilidade e o ticket dixital***

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pon en marcha Comercio 360, unha iniciativa que dá resposta aos cambios que a dixitalización e os novos hábitos de consumo están introducindo no sector e que se adapta e anticipa ás novas demandas e necesidades dos cidadáns. O obxectivo é mellorar a competitividade do comercio local poñendo ao consumidor no centro de todas as decisións.

Así, a iniciativa, a que se destinan 5,7M€ este ano, abrangue propostas que avanza na dixitalización para mellorar a atención e experiencia do cliente, á vez que pon en valor a aposta polo produto local, a sustentabilidade e a economía circular, a responsabilidade social ou o deseño, facendo que estes sexan os seus elementos de diferenciación e especialización.

Cunha visión a tres anos (2019-2021), neste primeiro exercicio poñeranse en funcionamento medidas de sensibilización, axudas para a ecoinnovación e laboratorios comerciais, que se suman á convocatoria de modernización e dixitalización do comercio de proximidade que xa está aberta ata o 27 de maio.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria comezará nas próximas semanas o labor de sensibilización e divulgación do Comercio 360 coa realización de xornadas e a análise de casos de éxito, así como a posta en marcha dun espazo web específico.

Por outra parte, impulsará unha liña de axudas á ecoinnovación para impulsar a economía circular e a sustentabilidade no comercio a través da adhesión á plataforma de ticket dixital – que permite aos clientes e comercios coñecer o estado e garantía das súas compras ou vendas evitando a perda ou deterioración do ticket tradicional e minimizando o uso do papel–; da promoción dos ecoenvases realizados con materiais cen por cento

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

biodegradables; ou implantando proxectos de economía circular que fomenten a reciclaxe e os produtos ecolóxicos.

Outra das novidades será a creación de sete laboratorios comerciais nas principais cidades galegas para asesorar e impulsar o Comercio 360, achegando aos interesados servizos personalizados de *mentoring*, comunicación e publicidade, *marketing intelligence* ou mellora da xestión, entre outros.

Esta nova iniciativa, dirixida a pemes de menos de 10 traballadores, enmárcase na estratexia de impulso á competitividade do comercio de proximidade e ten como obxectivo ofrecer aos establecementos unha folla de ruta para conseguir un comercio diverso, moderno e adaptado ás novas realidades –reforzando tanto a súa imaxe física como dixital– e servizos, o que permitirá dinamizar tamén os centros urbanos das cidades e vilas galegas para facelos máis atractivos aos cidadáns, turistas e visitantes.

A Xunta márcase tres obxectivos prioritarios coa posta en marcha desta iniciativa: lograr que 10.000 comercios galegos se sumen á estratexia 360; que máis de 1.000 comercios se beneficien dos servizos de asesoramento, e que 5.000 comercios incorporen no seu modelo de xestión a aposta pola sustentabilidade e o tícket dixital.

## **A XUNTA INVISTE CASE 5 MILLÓNS DE EUROS NO IMPULSO DA FP DUAL PARA INCREMENTAR A SÚA MATRÍCULA NUN 40%**

- *Desde a súa posta en marcha esta modalidade chegou a máis de 1.000 alumnas e alumnos e contou coa colaboración de máis de 200 empresas e asociacións*
- *Fomentárase a colaboración con empresas de calquera dimensión e, especialmente, coas punteiras en sectores estratéxicos para Galicia*
- *Ademais, favorecerase o acceso directo desde ciclos formativos doutras modalidades ao 2º curso de dual e eliminarase o límite superior de idade*
- *Recoñecerase o compromiso das empresas cun premio específico*

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional investirá neste curso e no vindeiro case 5 millóns de euros no Plan de dinamización da FP dual de Galicia, que ten entre os seus obxectivos o incremento da matrícula nesta modalidade nun 40%, segundo o informe ao respecto analizado hoxe no Consello da Xunta.

Esta modalidade ten experimentado un importante crecemento desde a súa posta en marcha no curso 2012/13, de tal forma que a día de hoxe se ofertan 127 ciclos na modalidade de dual, en 66 titulacións diferentes, nun total de 42 centros educativos, con 1.069 alumnas e alumnos matriculados e a colaboración de máis de 200 empresas e asociacións galegas e nacionais.

A posta en marcha este curso do Plan de dinamización da FP dual de Galicia responde á necesidade de dar resposta ao crecemento vinculado coas demandas dos sectores produtivos e coa propia evolución da sociedade. Neste sentido, a dual é decisiva, por alternar formación no centro de traballo e no educativo e por ofrecer ás empresas colaboradoras impartir aos estudantes formación específica adaptada ás súas necesidades produtivas.

A primeira acción prevista no plan, que xa está en marcha, é a creación da Rede galega de dinamización da FP dual (REGADual), a través da que se nomearon 47 centros dinamizadores da FP dual en toda Galicia e unha persoa responsable da dinamización a tempo completo en cada un deles.

Este persoal ocupárase de analizar o tecido empresarial do ámbito de actuación do seu centro para explicar e difundir a FP dual e determinar as necesidades das prazas de FP dual nos distintos sectores produtivos, dar a coñecer esta modalidade nas empresas e achegalas aos centros educativos e atender as necesidades das persoas titoras dos centros de traballo e dos centros educativos no desenvolvemento das súas funcións. Así mesmo, divulgará a FP dual entre o alumnado doutros niveis educativos e asesorará, formará e informará todos os actores participantes nos diferentes proxectos de FP dual de cara á realización dunha xestión de calidade.

### **Novos proxectos**

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

En definitiva, o obxectivo da REGADual será impulsar a principal actuación do plan, a de favorecer a implantación de novos proxectos de FP dual. Para iso, fomentárase a colaboración con todo tipo de empresas, independentemente do seu tamaño e dimensión, con asociacións empresariais e sectoriais, institucións e organizacións sen ánimo de lucro e, especialmente, coas empresas punteiras en sectores estratéxicos para Galicia.

A maiores, a Consellería apostará pola posta en marcha de proxectos no rural, ademais de impulsar que o alumnado de ciclos formativos teña acceso directo á FP dual de 2º curso e eliminará o límite superior de idade para participar nestes proxectos, que era de 29 anos.

**Premio ao compromiso**

A FP dual sustenta o seu éxito na confianza e no compromiso do tecido empresarial galego. Faise necesario, por tanto, pór en valor e recoñecer a súa colaboración, para o que se creará neste 2019 o Premio FP Dual Galicia, con categorías dirixidas aos titores, ás pequenas e medianas empresas, ás grandes empresas e ás organizacións (asociacións empresariais, cámaras de comercio, institucións, fundacións e outro tipo de colectividade sen ánimo de lucro).

**Desprazamento e mobilidade**

O Plan prevé ademais poñer á disposición do alumnado que curse estes ciclos axudas ao desprazamento no período de estadía na empresa, que oscilarán entre os 200 e os 1.500 euros en función de onde se atope o centro de traballo.

Ademais, de cara ao próximo curso 2019/20 realizarase por primeira vez unha convocatoria específica de mobilidade, para o profesorado e o alumnado que estea a cursar FP dual. O obxectivo é permitirles vivir unha experiencia que mellore a súa cualificación, tanto no eido das competencias técnicas como no das lingüísticas, en particular as correspondentes á linguaxe técnica específica de cada profesión.

**Materiais e formación**

A xestión eficaz e homoxénea dos proxectos depende en boa parte da xestión documental que se faga deles. Por iso, o Plan prevé poñer á disposición dos distintos actores recursos e materiais específicos, así como unha guía para centros educativos, outra para empresas e información ao alumnado. Ademais, a xestión da documentación necesaria para o desenvolvemento da FP dual contará con acceso a través de medios electrónicos que faciliten a súa execución.

Por outra banda, a Consellería impulsará a formación específica dirixida ás persoas dinamizadoras de REGADual, ás persoas titoras en empresas e centros educativos, ás empresas e institucións colaboradoras e a persoal docente e equipos directivos.

**Formación e competitividade**

O incremento do alumnado de FP dual que procura este plan busca ofrecer a un maior número de persoas un ensino moderno, dinámico e innovador, adaptado á nosa realidade socioeconómica e que é tendencia en toda a Unión Europea. Esta modalidade tense





**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

ademais demostrado como unha vía directa ao emprego dado que, segundo o último estudo de inserción laboral, 9 de cada 10 titulados da dual conseguen traballo.

A dinamización da FP dual permitirá ademais dar resposta aos novos retos asociados á cuarta revolución industrial, pola importancia do capital humano que cualifica. A maior implicación empresa-centro educativo repercutirá, así mesmo, nunha maior calidade deste ensino e na competitividade do noso tecido empresarial.

**O GOBERNO GALEGO PROPÓN CONXELAR, POR NOVENO ANO CONSECUTIVO, OS PREZOS DAS MATRÍCULAS DE GRAOS NAS UNIVERSIDADES GALEGAS**

- ***O Consello da Xunta analizou o informe sobre o novo decreto de prezos públicos, co que Galicia seguirá sendo a Comunidade co prezo medio máis barato do Estado para cursar estudos de grao e máster habilitante***
- ***Esta medida suporá un aforro de preto de 20 millóns de euros en matrículas para as familias galegas con estudantes universitarios, a razón de entre 340 e 1.870 €/familia en función do tipo de estudos***

O Consello da Xunta analizou un informe sobre o novo decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos no Sistema universitario de Galicia para o curso académico 2019/20, no cal se propón ás universidades que se manteñen invariables con respecto ao ano pasado.

Deste xeito, Galicia é a única Comunidade Autónoma que mantería conxelados os prezos das matrículas universitarias de grao por noveno ano consecutivo, e sitúase, de novo, coas taxas máis baratas do Estado para cursar estudos de grao e máster habilitante.

Esta medida supón aforro de preto de 20 millóns de euros en matrículas para as familias galegas con estudantes universitarios, que se reparten en contías que van de entre os case 340 €/curso para un estudante de grao ata os 1.872 €/curso para un estudante dun máster habilitante (que é necesario para exercer unha profesión).

**Matrículas de grao**

No caso das matrículas de grao o prezo medio manteríase nos 11,89 €/crédito, o que supón un aforro de 5,66 euros con respecto aos 17,55 €/crédito de media de España, en que Cataluña é a comunidade autónoma coas taxas máis elevadas, cunha media de 33,52 €/crédito.

As de grao acaparan o 90% do total de matrículas do Sistema universitario galego, polo que con esta conxelación de taxas, un estudante galego de grao pode aforrar, con respecto á media de España, un total de 339,60 euros ao curso en matrículas.

**Matrículas de máster**

No que atinxe aos másters, o Goberno galego tamén mantería conxeladas todas as taxas para o vindeiro curso universitario.

Deste xeito, no caso dos másters non habilitantes (que permiten unha especialización de coñecementos ou de inicio á carreira científica) Galicia segue a ser a cuarta máis baixa do Estado, cun custo de matrícula de 26,49 €/crédito. Isto é, 5,75 €/crédito menos ca media estatal, que se sitúa nos 32,24 euros, e nos que Cataluña segue a ser a comunidade máis cara con 53,29 euros/crédito de media.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

O alumnado que cursa este tipo de máster representa o 7% do sistema, con algo máis de 4.000 estudantes. Canto ao aforro das familias con respecto á media estatal, sitúase nuns 345 €/curso e por estudante.

No caso dos másters habilitantes (necesarios para exercer unha profesión), a taxa media de matrícula mantense nos 11,89 €/crédito (igual que os estudos de grao), cun aforro de 11,76 € con respecto ao prezo medio do Estado, que se sitúa nos 23,65 €/crédito. Isto fai que as familias galegas cuxos fillos cursen o vindeiro ano un máster habilitante nalgunha das universidades galegas aforren unha media de 1.872 euros por curso en comparación coa media de España. As matrículas nesta modalidade representan o 3% do conxunto do sistema.

**SANIDADE ADMINISTROU 567.408 DOSES DE VACINA DA GRIPE DURANTE A CAMPAÑA 2018, UN 5% MÁIS QUE A ANTERIOR**

- ***Galicia sitúase como a cuarta comunidade autónoma con mellores datos de cobertura vacinal e por riba da media nacional***
- ***Nas persoas maiores de 65 anos consolídase a tendencia crecente dos últimos anos, cunha cobertura de 58,62%, preto dun punto máis que na campaña de 2017***
- ***Destacan os importantes incrementos das coberturas do persoal sanitario e das mulleres embarazadas, con crecementos sostidos nos últimos anos, e por riba dos obxectivos establecidos***

A Consellería de Sanidade presentou esta mañá ao Consello da Xunta o informe da campaña de vacinación antigripal 2018/19, que se desenvolveu entre o 22 de outubro e o 28 de decembro pasado, prorrogándose posteriormente ata o 25 de xaneiro debido ao atraso da chegada do andazo da gripe. O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuíña, destacou que o número total de doses de vacinas administradas á poboación galega ascendeu a 567.408, o que supón 27.712 doses máis que na campaña do ano 2017. É dicir, máis dun 5% máis de doses administradas que na tempada anterior.

Galicia, cun 58,55%, sitúase como a cuarta comunidade en porcentaxe de cobertura segundo os datos provisionais do Ministerio de Sanidade a marzo de 2019. Así, a nosa comunidade sitúase só por detrás das comunidades autónomas da Rioxa, Navarra e Castela e León, e cinco puntos por enriba da media nacional, cun 53,69 %.

Con respecto das persoas de 65 anos ou máis, neste campaña segue a consolidarse a tendencia crecente dos últimos anos dende o ano 2012. O número de doses administradas nas persoas de 65 ou máis anos foi de 394.442, obténdose unha cobertura no 2018 do 58,62 %. Con respecto da campaña de 2017, son 8.472 doses a maiores, isto é un 2,2 % máis.

As cifras máis elevadas correspóndense coas persoas de 75 ou máis anos, ao igual que en anos anteriores, co 65,91% de cobertura fronte ao 64,80% do ano 2017. Nos grupos de 70-74 a cobertura situouse no 57,15%, fronte ao 56,44% do 2017, e nas persoas de 60 a 64 anos a cobertura foi do 25,02%, que supera en máis 1 punto o dato da campaña anterior.

Dentro do Programa de promoción da vacinación antigripal do Sergas, dirixido á poboación de 65 a 74 anos non vacinada previamente, o persoal de enfermaría de atención primaria contactou telefonicamente con 23.565 persoas, das que posteriormente acudiron vacinarse 3.665, o que representa o 15,55 % fronte ao 14,79 % da campaña anterior.

**Mulleres embarazadas e traballadores sanitarios: importante incremento**

A cobertura estimada nas mulleres embarazadas foi do 52,22% cun total de 6.508 doses administradas. Cómpre sinalar o espectacular incremento da vacinación neste colectivo,

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

dobrándose a cobertura acadada no ano 2017 de 26,12%, e superando en 12 puntos o obxectivo establecido para este grupo prioritario.

A porcentaxe de traballadores sanitarios vacinados nesta campaña amosa novamente un importante incremento, acadándose unha cobertura do 46,04%, que supera o obxectivo establecido do 40% e incrementa en máis de 7 puntos a cobertura de 2017 (situada en 38,85%) e duplica a cobertura acadada no 2015, co 23,67 %.

A cobertura foi maior en atención primaria cun 55,27% e na atención hospitalaria a cobertura foi do 42,01%

O aumento continuado nas coberturas acadadas que se observa nos últimos anos ten impacto positivo na saúde da cidadanía galega, xa que a través da prevención da enfermidade diminúe o número e gravidade das complicacións derivadas de padecela.

A vacina da gripe ten un importante beneficio ao reducir a incidencia desta enfermidade e polo beneficio que se obtén ao diminuír a frecuencia de complicacións secundarias. Isto supón menor risco derivado de hospitalización e mortes relacionadas coa gripe nas persoas maiores, con ou sen condicións médicas de risco, e noutras persoas con patoloxías previas.



## **A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 2,8 MILLÓNS DE EUROS EN AXUDAS PARA PROMOVER O EMPREGO DE MAQUINARIA AGRÍCOLA EN RÉXIME ASOCIATIVO**

- ***O Consello do Goberno galego coñeceu un informe sobre estas achegas, que se publicarán en breve no DOG***
- ***Desde 2009 tramitáronse 417 expedientes por importe de case 29 millóns de euros***

O Consello do Goberno galego coñeceu hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre as axudas para o fomento do uso de maquinaria agrícola en réxime asociativo, que neste ano 2019 contarán cun orzamento de máis de 2,8 millóns de euros. A convocatoria correspondente sairá publicada proximamente no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e os solicitantes contarán cun mes de prazo para solicitalas.

Os principais obxectivos destas subvencións son promover a utilización de maquinaria e equipamentos de carácter agropecuario en réxime asociativo, fomentar a introdución de novas tecnoloxías no emprego de maquinaria e equipamentos e racionalizar os custos de mecanización. Procúrase tamén incrementar os mecanismos de seguridade no traballo, reducir as emisións contaminantes e fomentar o aforro enerxético, na procura dunha mellora da calidade de vida no medio rural.

Mediante esta orde subvencionaranse os custos de adquisición de maquinaria agrícola e os estudos técnicos de viabilidade daquelas entidades asociativas do sector agrario que queiran dar servizo aos seus socios a través deste sistema para compartir a maquinaria. O importe da axuda será do 35% dos custos, unha porcentaxe que poderá incrementarse ata un máximo do 50% en función de criterios que priman a localización da entidade en zonas con limitacións naturais e o feito de que o beneficiario proceda dunha fusión de cooperativas.

Para a concesión destas achegas valoraranse determinados aspectos relacionados coa entidade asociativa, como a súa tipoloxía, no sentido de se son cooperativas agrarias, sociedades agrarias de transformación (SAT) ou cooperativas de utilización de maquinaria agrícola (CUMA). Ademais, tamén se avaliará o valor contable do parque de maquinaria agrícola da entidade, a facturación media aos socios dese parque ou a porcentaxe de mulleres que integren o consello reitor da cooperativa.

Cabe lembrar que, en total, a Xunta destinou preto de 29 millóns de euros no período 2009-2018 ás axudas para este fin. Estes fondos tramitáronse a través de 417 expedientes, fundamentalmente de cooperativas, que melloraron así a eficiencia dos seus procesos produtivos e as condicións de traballo dos seus socios.